



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE IDENTIFICACIÓN

CÓDIGO DA SERIE: 736

DENOMINACIÓN: Expedientes de axudas para a promoción, construción, equipamento e modernización das lonxas pesqueiras.

Función: Comercio e Consumo. Comercio. Fomento

ÓRGANO PRODUTOR:

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral do Comercio.
Subdirección Xeral de Ordenación do Comercio
(23-01-1982/15-09-1983).

Consellería de Economía, Facenda e Comercio. Dirección Xeral de Comercio.
Servizo de Ordenación do Comercio
(19-10-1983/04-04-1984).

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral de Comercio.
Servizo de Ordenación do Comercio
(15-04-1984/19-04-1985).

Consellería de Industria, Enerxía e Comercio. Dirección Xeral de Comercio.
Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial
(20-04-1985/02-03-1986).



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Dirección Xeral de Industria, Comercio e Consumo. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción Comercial
(03-03-1986/28-01-1987).

Consellería de Traballo, Industria e Turismo. Dirección Xeral de Industria e Comercio. Subdirección Xeral de Comercio. Servizo de Promoción e Ordenación
(29-01-1987/29-09-1987).

Consellería de Industria, Comercio e Turismo. Dirección Xeral de Comercio. Subdirección Xeral de Xestión do Comercio. Servizo de Promoción e Ordenación.
(16-10-1987/05-02-1990).

DATAS EXTREMAS:

1982/1989.

CARACTERES EXTERNOS:

CLASE: textual.

SOPORTE: papel.

FORMATO: expediente.

FORMA: orixinal.

5.5. VOLUME: 26 u. i. / 3,7 m.l. (Arquivo de Galicia. Tambre).

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

DEFINICIÓN DO CONTIDO:

Expedientes tramitados para a concesión de axudas para investimentos destinados á promoción, construción, equipamento e modernización das estruturas comerciais das lonxas pesqueiras.

LEXISLACIÓN:

Ordes de convocatoria

Orde do 22 de setembro de 1982, pola que se establece un novo prazo de prórroga de presentación de solicitudes para se acoller á concesión de axudas á inversións con destino á Promoción, Construción, Equipamento e Modernización de Lonxas Pesqueiras (DOG nº 20, 15 de outubro de 1982).

Orde do 4 de decembro de 1984, sobre regulación do procedemento e condicións para conceder axudas con destino á promoción, construción, modernización e adecuación de lonxas pesqueiras (DOG nº 239, 14 de decembro de 1984).

Orde do 17 de xaneiro de 1985, sobre regulación do procedemento e condicións para conceder axudas con destino á promoción, construción, modernización e adecuación de lonxas pesqueiras (DOG nº 82, 30 de abril de 1985).

Orde do 30 de xaneiro de 1986, pola que se prorroga a vixencia de distintas ordes da consellería de industria, enerxía e comercio (DOG nº 23, 1 de febreiro de 1986).

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Orde do 23 de novembro de 1987, sobre concesión de axudas con destino a promoción, construción, modernización e adecuación de lonxas pesqueiras (DOG nº 230, 30 de novembro de 1987).

Orde do 29 de abril de 1988, sobre axudas para investimentos con destino á mellora e adecuación de lonxas pesqueiras e o seu equipamento (DOG nº 92, 16 de maio de 1988).

Orde do 3 de xaneiro de 1989, sobre concesión de axudas para investimentos con destino á mellora e adecuación de lonxas pesqueiras e o seu equipamento (DOG nº 12 do 18 de xaneiro de 1989).

PROCEDEMENTO:

1. Publicación da convocatoria da subvención no Diario Oficial de Galicia.
2. Presentación das solicitudes, dirixidas ao director xeral, nos servizos centrais, delegacións provinciais ou por calquera dos métodos recollidos nas leis de procedemento.
3. Valoración de solicitudes polos servizos técnicos da Dirección Xeral.
4. Redacción da proposta de resolución do director xeral.
5. Ditado da resolución definitiva do Conselleiro.
6. Comunicación da resolución aos solicitantes.
7. Aceptación ou renuncia á subvención.
8. Xustificación das actividades realizadas.
9. Liquidación e pagamento das axudas.

DOCUMENTOS QUE FORMAN A UNIDADE DOCUMENTAL:

- 1- Orde de convocatoria de axudas debidamente informada.
- 2- Solicitud acompañada de:



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Cando se trate de persoas xurídicas: certificación que a entidade solicitante adoptou ou acordo de realización do investimento; escritura ou título de constitución inscrito no Rexistro Mercantil ou no rexistro procedente e código de identificación fiscal (C.I.F.).
- Nos casos de novas instalacións: título de propiedade do terreo onde se sitúen ou documento acreditativo de concesión administrativa dos mesmos.
- Declaración subscrita polo solicitante na que se especifiquen os seguintes datos: entidade (confraría de pescadores, cooperativa, concello, agrupacións, asociacións, etc.); descrición concisa do estado actual de lonxa: ano de construción, instalacións que posúe, estado das mesmas, fotografías que revelen a situación actual, etcétera; especies que comercializaron durante os anos anteriores, indicando as toneladas por especie e o seu valor en pesetas; previsión de incremento das vendas despois de realizado o investimento; indicación expresa de se solicitou algunha axuda con anterioridade; número de habitantes do concello onde se vai realizar o investimento, capacidade do porto, postos de traballo que se crearán co novo proxecto e se existen mercados maioristas para o peixe nese concello.
- Memoria na que conste: anteprojecto que se desexa realizar, xustificando a súa necesidade; presupostos debidamente acreditados e desagregados por partidas do importe da súa realización ou execución; data de finalización da execución do investimento.



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- Recibo que acredite estar ao día no pagamento do imposto industrial, licenza fiscal, caso de estar suxeito ao mesmo.
 - Copia do último boletín de cotización ao réxime da Seguridade Social, de estar suxeito á mesma.
- 3- Proposta provisional de beneficiarios.
 - 4- Proposta de resolución do director xeral.
 - 5- Resolución definitiva do conselleiro.
 - 6- Notificación aos interesados ou publicación da resolución.
 - 7- Comunicación de aceptación ou renuncia dos solicitantes.
 - 8- Documentación xustificativa do gasto obxecto de subvención ou axuda:
 - Facturas e certificacións finais que acrediten o remate do proxecto.
 - 9- Documentación do pagamento da axuda (memoria, documentos contables...).

ORDENACIÓN

Cronolóxico - numérica (nº de expediente).

INSTRUMENTOS DE DESCRICIÓN/CONTROL

Bases de datos do Arquivo de Galicia: IN03(76-00)94-04; IN-CTD(75-96)94-97

ÁREA DE VALORACIÓN

VALOR ADMINISTRATIVO:

Tendo en conta o prazo de catro anos establecido polo art. 39 da lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de de subvencións para que a

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Administración recoñeza ou liquide o reintegro, establécese un período de 5 anos de vixencia do valor administrativo, a partir da data de finalización do procedemento.

VALOR LEGAL-XURÍDICO:

Si, deixa constancia da axuda económica recibida e das obrigas e dereitos adquiridos coa súa concesión e a súa vixencia é a mesma ca do valor administrativo.

VALOR INFORMATIVO-HISTÓRICO:

Si, testemuña os investimentos e apoios da administración autonómica a un sector estratéxico da economía galega como é o pesqueiro, de cara a mellorar e adecuar as instalacións para a comercialización dos seus produtos, durante o período en que estas axudas foron concedidas.

Así mesmo, na documentación consérvanse os proxectos executados polas organizacións beneficiarias como requisito para recibir as axudas.

SERIES RELACIONADAS:

699: Expedientes de axudas para a creación e equipamento de lonxas e mercados (1984/1989).

SERIES PRECEDENTES:

SERIES PARALELAS:

SERIES SUBORDINADAS:



IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

SERIES DUPLICADAS:

SERIES DESCENDENTES

DOCUMENTOS COMPILADORES:

Rexistro público de axudas, subvenciones e convenios

ESTIMACIÓN DA FRECUENCIA DE CONSULTA:

PRAZO DE TRANSFERENCIA:

Ao Arquivo Central ao ano de finalizar o trámite administrativo.

Ao Arquivo Intermedio / Histórico aos cinco anos do seu ingreso.

RÉXIME DE ACCESO:

Libre, con carácter restrinxido aos datos persoais conforme á Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (art.º 37) a Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal (art. 11) e ao Real Decreto 1720/2007, do 21 de decembro que aproba o Regulamento que a desenvolve (art. 27).

A liberalización da súa consulta prodúcese aos 50 anos da data do documento, de acordo coa Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español (art. 57).

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

ÁREA DE SELECCIÓN

Referencias ao ditaminado por outras comisións de avaliación:

Asturias: Expedientes de subvencións a Confrarías de pescadore;
Expedientes de axudas estruturais ao sector pesqueiro para equipamentos de portos pesqueiros; Expedientes de axudas estruturais ao sector pesqueiro para transformación e comercialización de produtos pesqueiros.
Resolución: Conservación permanente

Proposta:

Tendo en conta os valores citados anteriormente, propónse a súa conservación permanente.

ÁREA DE NOTAS

- IDENTIFICACIÓN. Datas extremas: esta serie comeza na etapa preautonómica (1981), convocada pola Orde 31/1981, do 3 de abril, sobre regulación do procedemento e condicións para conceder axudas para inversións con destino a promoción, construción, equipamento e modernización de lonxas pesqueiras (DOG nº 21, 15 de xuño de 1981). Modificación do prazo de presentación de solicitudes no DOG nº 20, 15 de outubro de 1982. O órgano produtor para esta data sería a Consellería de Industria, Comercio e Turismo. Dirección Xeral de Comercio. Subdirección Xeral de Ordenación do Comercio (15-06-1981 /22-01-1982).

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

- IDENTIFICACIÓN. Volume: pendente da revisión final das bases de datos.

- IDENTIFICACIÓN. Definición do contido: Terán preferencia as axudas que se dirixan cara a comercialización integral de produtos de orixe a destino: construción e acondicionamento de peiraos de carga e descarga e implantación de sistemas modernos tecnificados de recepción e carga e descarga de produtos; adecuación e construción de salas de peso, clasificación e manipulación do peixe con aplicación de sistemas modernos de clasificación, dosificación e acondicionamento de mercadorías; construción, equipamento e racionalización de salas de subhasta; construción de naves de almacenamento, perfeccionamento e mellora do almacenamento de mercadorías a través da implantación de sistemas e métodos modernos para a mellor conservación das mesmas; adquisición e instalación de túneles de conxelación e cámaras de refrixeración e conservación, etc.

Poderán beneficiarse as confrarías de pescadores e outros entes públicos, familias e empresas sen fin de lucro así como entidades e asociacións que non teñan carácter de ente público, que teñan a sede na Comunidade Autónoma de Galicia.

- IDENTIFICACIÓN. Lexislación. Ordes de convocatoria: a Orde do 22 de setembro de 1982 recolle que con data 20 de xullo do ano en curso se ditou unha Orde desa Consellería, sobre regración do procedemento e condicións para axudas a inversións con destino á promoción, construción, equipamento e modernización de lonxas pesqueiras, e que foi publicada nos boletíns Oficiais da Coruña, Lugo e Pontevedra e no Boletín Oficial da Xunta.



Arquivo de Galicia

IDENTIFICACIÓN E AVALIACIÓN DE SERIES DOCUMENTAIS

Non se localizou neste último. No Boletín Oficial da provincia da Coruña publicouse o 31 de xullo.

Expediente tipo: 002302-0001

ÁREA DE CONTROL

Data de elaboración: marzo de 2012.

Revisión: xaneiro 2013.